

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día vinte e cinco de xuño do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 17 de xuño de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 17 de xuño de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Resolución do 16 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se aproba a oitava actualización do Plan básico autonómico de Galicia. DOG número 116, de 19-06-2025.

- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Decreto 46/2025, do 9 de xuño, pola que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026. DOG número 117, de 20-06-2025.

- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, anuncio polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto Planta de almacenamento e valorización de residuos non perigosos (RCD) no polígono industrial Espírito Santo, no concello de Cambre (A Coruña) (expediente 2024/0312). DOG número 120, de 25-06-2025.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL PARA O CONCELLO DE CAMBRE, MEDIANTE CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPEDIENTE NÚM. 2025/C006/000003

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de xuño de 2025 (CVD: E9zY+V3CKUSt6lz/ggjU), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 1950/2018, do 1 de outubro, o Concello de Cambre atópase adherido á Central de Contratación da FEMP, a cal se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das entidades locais asociadas.

Visto que a FEMP, a través da súa Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes por tipoloxía de entidade local e ramo de seguros, correspondendo o Lote 4 á rama de seguros de responsabilidade civil patrimonial para Entidades Locais e entes dependentes con rango comprendido entre os 20.001 e os 50.000 habitantes

Visto que o Concello de Cambre ten en vigor o contrato baseado de mediación de riscos e seguros, ao abeiro do acordo marco de mediación de riscos e seguros da Central de Contratación da FEMP formalizado o 19 de abril de 2024, sendo adxudicataria por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2025 do contrato baseado do lote 1 a empresa “Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.”.

Vista a memoria elaborada pola xefa da Unidade de Réxime Interior interina, de data 16 de xuño de 2025 (CVD: CuLbg91A0qopxxEcoeL7), modificada por addenda de data 17 de xuño de 2025 (CVD: +FZaTUXSSJZxAL7/qYtl).

Visto o informe de Secretaría de data 17 de xuño de 2025 (CVD: /URlxDuB0GWBWLHLqJDz) no que se informa favorablemente o procedemento para a adxudicación do contrato.

Visto o informe de favorable de Intervención de data 20 de xuño de 2025 (CVD: gQRNrvlOwKq70UBx2fZr)

Visto canto antecede e demais antecedentes que constan no expediente, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Declarar motivada no expediente a necesidade da contratación dunha póliza de seguros que garanta as consecuencias económicas derivadas da Responsabilidade Civil, Patrimonial, Patronal, Cruzada e Profesional, que durante a súa vixencia puidese corresponder directa, mancomunada, solidaria ou subsidiariamente ao Concello de Cambre polo ordenamento xurídico vixente, causados por acción ou omisión a terceiros, no exercicio das súas actividades e funcións, incluíndo a responsabilidade que corresponda ao concello por accións e omisións das persoas sobre as que o concello exerza o deber “*in vigilando*”, isto de conformidade co establecido na normativa de seguros, co que queda debidamente xustificada a necesidade do contrato para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- De conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2025/C006/000003, correspondente a unha póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), cun orzamento anual de licitación de 41.824,95 euros, e cun valor estimado de 83.649,90 euros, isto a teor do establecido na Disposición adicional terceira, punto 10, da LCSP.

Terceiro.- Aprobar por conta da aplicación orzamentaria 920 22400 *Primas de seguros Admin. Xeral*. o gasto por importe de 41.824,95 euros, correspondente á prima anual da póliza, tendo en conta que ao tratarse dun contrato de seguros, atópase exento do IVE con base no establecido no artigo 20.Un.16º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, estando suxeito ao imposto sobre primas de seguro, a teor do disposto no artigo 12.Dous da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

Cuarto.- Aprobar que a tramitación, adxudicación, formalización e execución do contrato baseado, se rexerá polos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares que rexen o Acordo marco de determinados contratos de seguros da FEMP, Lote 4 “*Seguros de responsabilidade civil patrimonial para entidades locais e entes dependentes con rango comprendido entre os 20.001 e os 50.000 habitantes*”, formalizado o 28 de novembro de 2024, así como pola normativa aplicable a este tipo de contratos.

Quinto.- Aprobar o seguinte documento de invitación conforme co modelo normalizado aprobado pola Central de Contratación da FEMP, e segundo o asesoramento prestado polo mediador de seguros do Concello de Cambre, xunto co Anexo I: “*Información sobre el riesgo a asegurar*”, que consta en la memoria da xefa da Unidade de Réxime Interior interina de data 16 de xuño de 2025 (CVD: CuLbg91A0qopxxEcoeL7):

**«DOCUMENTO DE INVITACIÓN PARA LA CONTRATACIÓN DEL SEGURO RESPONSABILIDAD CIVIL
PATRIMONIAL PARA ENTIDADES LOCALES Y ENTES DEPENDIENTES CON RANGO COMPRENDIDO
ENTRE LOS 20.001 Y LOS 50.000 HABITANTES
(LOTE 4)»**



DESTINATARIA:

ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA

Número de expediente (Plataforma de la Central de Contratación): ____

Número de expediente (Concello): 2025/C006/000003

La FEMP, a través de su Central de Contratación, ha licitado en beneficio de sus asociados el Acuerdo Marco para la contratación de determinados contratos de seguros, en base a unos Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares (en adelante, “PCA”) y unos Pliegos de Prescripciones Técnicas (en adelante, “PPT”). Dicho Acuerdo marco se adjudicó para el Lote 4 a **ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA**, con fecha de 29 de octubre de 2024, habiéndose formalizado el Acuerdo Marco el 28 de Noviembre de 2024.

El Ayuntamiento de Cambre está adherido a la Central de Contratación por Resolución de Alcaldía de fecha 1 de octubre de 2022 y habiendo adjudicado por acuerdo de la Junta de Gobierno Local con fecha del 03 de junio del 2025 el Contrato basado en el Acuerdo Marco de Mediación de Riesgos y Seguros de la Central de Contratación (Lote 1 siendo la adjudicataria de mediación la empresa WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.), ha resuelto iniciar la tramitación del contrato basado en el Acuerdo Marco para la contratación de determinados contratos de seguros por la Central de Contratación de la FEMP (Expediente CC.-04/2024).

Su tramitación y posterior ejecución se regirá por lo dispuesto en el PCA y en el PPT que rigen el citado Acuerdo Marco.

Puesto que el Acuerdo Marco se celebra con varios empresarios y no todos los términos están establecidos en el mismo, la adjudicación de los Contratos basados se realizará de acuerdo con lo indicado en la Cláusula 21 del Pliego de Cláusulas Administrativas (en adelante PCA).

1.- ENTIDAD LOCAL SOLICITANTE: AYUNTAMIENTO DE CAMBRE (CIF: P-1501700-G)

2.- OBJETO: Contrato basado para la contratación del seguro de Responsabilidad Civil Patrimonial para entidades locales y entes dependientes con rango comprendido entre los de 20.001 y los 50.000 habitantes.

3. LOTE DE REFERENCIA: Lote 4.

4.- FECHA LÍMITE DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: 5 DÍAS HÁBILES a contar desde el siguiente al envío del presente requerimiento a través de la plataforma informática.

5.- PLAZO DE DURACIÓN DEL CONTRATO BASADO Y PRÓRROGA (Cláusula 21.5.del PCA): duración mínima de un (1) año pudiendo prorrogarse por un (1) año más.

6.- EJECUCIÓN DEL CONTRATO BASADO: (Según Cláusula 21.3 del PCA).

7.- GARANTÍAS: No se exigen

8.- CONDICIÓN ESPECIAL DE EJECUCIÓN: (Cláusula 21.6 del PCA)

Condición especial	Marcar con una X
Que la adjudicataria tenga aprobadas, en el seno de su comisión mixta u órgano de representación de la dirección y del comité de trabajadores, medidas específicas de conciliación de la vida personal y familiar, aportando la documentación acreditativa al inicio del contrato basado. Entre otras, se tendrán en cuenta medidas como el cheque servicio o	X

acceso a recursos sociocomunitarios que faciliten la atención de menores o personas dependientes; mejoras sobre la reducción de la jornada, excedencias, licencias o permisos de paternidad o maternidad; la flexibilización, adaptación o reasignación de servicios y horarios en función de las necesidades de conciliación, planes de teletrabajo, etc.	
--	--

9. CRITERIOS DE PONDERACIÓN PARA LA VALORACIÓN DE LAS OFERTAS (Cláusula 21.2. C del PCA):

9.1.- Oferta económica (hasta 60 puntos).

Se valorará con arreglo a la siguiente fórmula: $60 \times (PL - OF / PL - OM)$.

- **PL:** Precio de licitación.
- **OF:** Oferta del licitador.
- **OM:** Oferta más baja presentada.

9.2.- Otros criterios evaluables mediante fórmulas (hasta 40 puntos).

9.2.1.- Reducción de la franquicia general establecida en el PPT (hasta 15 puntos).

Con arreglo a la siguiente formula: $15 \times (FMP - FOV / FMP - MFO)$.

- **FMP:** Franquicia Máxima establecida en los PPT.
- **FOV:** Franquicia de la Oferta a valorar.
- **MFO:** Mejor Franquicia Ofertada.

9.2.2.- Incremento de los límites/sublímites de indemnización por siniestro y por víctima establecidos en el PPT de Responsabilidad Civil/Patrimonial (hasta 10 puntos).

Se dará la máxima puntuación a la compañía que ofrezca los mayores aumentos en los límites/sublímites de indemnización por siniestro y por víctima. El resto se valorarán 45 proporcionalmente. Para su cálculo, se hará el sumatorio de todos los límites y sublímites descritos en el PPT (Cláusula 11) y se hará su media dividiéndose entre 5 (se establecen 5 conceptos). El importe medio mayor obtendrá la mayor puntuación, valorándose el resto proporcionalmente.

Es obligatorio incrementar todos los conceptos en al menos quinientos mil euros (500.000 €) para obtener puntuación salvo los sublímites por víctima para RC Patronal y Cruzada, límite para perjuicios patrimoniales puros, y sublímite de bienes de terceros en custodia y bienes de empleados que se obligará a un mínimo de cien mil euros (100.000 €).

Se valorará con arreglo a la siguiente fórmula: $10 \times (OF / OM)$.

- **PL:** Precio de licitación.
- **OF:** Oferta del licitador.
- **OM:** Oferta más baja presentada.

9.2.3.- Ámbito temporal de la cobertura. Retroactividad (hasta 10 puntos):

Las ofertas se valorarán calculando, mediante la siguiente fórmula proporcional, el aumento del periodo de retroactividad establecido en el PPT: $10 \times (PROV - PRP / PRMO - PRP)$.

- **PRP:** Periodo de retroactividad establecido en el PPT (2 años).
- **PROV:** Periodo de retroactividad de la oferta a valorar.
- **PRMO:** Periodo de retroactividad de la mejor oferta presentada.

9.2.4.- Eliminación de exclusiones referidas a la Cláusula 9 del PPT (hasta 5 puntos):

Se otorgará la mayor puntuación al licitador que proponga la eliminación del mayor número de exclusiones,

valorándose cada exclusión suprimida con un punto.

10.- PRESUPUESTO ANUAL DE LICITACIÓN (SIN IVA): 41.824,95 €

11.- VALOR ESTIMADO DE LICITACIÓN (INCLUYENDO PRÓRROGAS) (SIN IVA): 83.649,90 € (1 año de contrato: 41.824,95 € + 1 año de prórroga: 41.824,95 €).

12.- IMPORTE DEL IVA ANUAL: Las primas de seguros están exentas de IVA

13.- SINIESTRALIDAD (% pagos/ reservas): (VER ANEXO I)

14.- CERTIFICADO DE SINIESTRALIDAD EMITIDO POR LA ACTUAL ASEGURADORA: NO

15.- PENALIDADES POR INCUMPLIMIENTO DE LOS CONTRATOS BASADOS: Según lo dispuesto en la Cláusula 21.9 del PCA

16.- MODIFICACIÓN DEL CONTRATO BASADO: Según lo dispuesto en la Cláusula 21.10 del PCA.

17.- CESIÓN Y SUBCONTRATACIÓN: De conformidad con la Cláusula 21.11 del PCA.

18.- RESOLUCIÓN DEL CONTRATO BASADO: De conformidad con la Cláusula 21.12 del PCA.

19.- OFICINA DONDE SE PUEDE CONSULTAR EL EXPEDIENTE Y OBTENER LA DOCUMENTACIÓN ASOCIADA:

- **Dependencia:** ENTIDAD LOCAL DE AYUNTAMIENTO DE CAMBRE (CIF: P1501700G)
- **Dirección:** Calle Atrio, 1, Cambre, A Coruña. CP: 15660.
- **Teléfono:** 981 61 31 28
- **Fax:** 981 61 31 28
- **Correo electrónico:** contratacion@cambre.org

20.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

Lugar: A través de la Plataforma de la Central de Contratación de la FEMP.

21.- IDENTIFICACIÓN DEL RESPONSABLE DEL CONTRATO: De conformidad con la Cláusula 21.4 del PCA se nombra como Responsable del contrato a la Jefa de la Unidad de Régimen Interior.

22.- COMISIÓN A PERCIBIR POR EL MEDIADOR: 11%

23.- RÉGIMEN DE ABONO DEL PRECIO:

- **Periodicidad de la facturación:** Anual.
- **Modo de Facturación:** Factura Electrónica.
- **Datos a incluir en la Factura Electrónica:**
 - Órgano gestor: LA0004868 ALCALDÍA
 - Oficina contable: GE0002418 INTERVECIÓN
 - Unidad Tramitadora: LA0004869 CONCEJALÍA DE HACIENDA
- **Fecha efecto:** 01.07.2025

24. INDICAR SI SE ENCUENTRA EN ALGUNO DE LOS SUPUESTOS EN LOS QUE LA EMPRESA ADJUDICATARIA NO ESTÁ OBLIGADA A PRESENTAR OFERTA. (Cláusula 21.2 B) del PCA)

SUPUESTOS	MARCAR CON UNA X
Cuando la siniestralidad de la Entidad peticionaria en el Lote, según tipología de póliza	

que será objeto del Contrato basado, supere el 70 %. (VER ANEXO I)	
<i>En el supuesto en que la(s) adjudicataria(s) optarán por presentar oferta cuando la siniestralidad supere el porcentaje antes indicado, podrán incrementar la oferta presentada al Acuerdo Marco hasta un máximo de 20 % siempre y cuando, no se superen los límites establecidos en el PPT.</i>	
Cuando la Entidad peticionaria se hubiera demorado en el pago del precio a un adjudicatario del Lote correspondiente por un plazo superior a 6 meses, siempre que la demora no sea por causas imputables al adjudicatario.	
Cuando el órgano de contratación sea una entidad tomadora cuyas actividades o bienes a asegurar requieran por su especificidad de una cobertura de riesgos que no encaje en su totalidad o difiera de aquella para la que ha sido diseñado el lote en cuestión, como por ejemplo una actividad industrial cuyo riesgo sea agravado para el mercado asegurador (ejemplo: Empresas Públicas en los lotes 3 a 5; o Mercados de Abastecimiento Municipales o Empresas de Reciclaje en los lotes 1 a 5; o Instituciones financieras, incluidas aquellas que permitan el acceso a la financiación, estén o no reguladas por el Banco de España, la CNMV o cualquier organismo de similar naturaleza en España o en otra jurisdicción en el lote 7).	

Le invitamos a que nos envíe, en el plazo indicado, su oferta, como queda recogido en la Cláusula 21 del PCA a través del Portal del Licitador de la Plataforma informática de la Central de Contratación de la FEMP.

Lo que comunico a los efectos oportunos»

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de xuño de 2025 (CVD: E9zY+V3CKUSt6lz/ggjU), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA NO CONTRATO PARA O SERVIZO DE “ORGANIZACIÓN DE CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA NENOS/AS E MOZOS/AS PROMOVIDOS POLO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE DO

CONCELLO DE CAMBRE EN 2022 E 2023, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA A 2024” – EXPEDIENTE NÚM. 2021/C004/000028

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de xuño de 2025 (CVD: FgstDZ+j/3nEFg2aNJdm), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar o Lote 1 “Campamento pequenos” e o Lote 2 “Campamento maiores” do contrato para o servizo de “Organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga a 2024” (Exp. 2021/C004/000028) a prol da empresa “Hebe Sport, S.L.” nos seguintes prezos :

Lote 1:

Prezo unitario:

Prezo praza sen IVE	10% IVE	Prezo praza IVE incluído
340,00 €	34,00 €	374,00 €

Prezo total para os dous anos de duración do contrato:

Base imponible	10% IVE	Total
34.000,00 €	3.400,00 €	37.400,00 €

Lote 2:

Prezo unitario:

Prezo praza sen IVE	10% IVE	Prezo praza IVE incluído
668,00 €	66,80 €	734,80 €

Prezo total para os dous anos de duración do contrato:

Base imponible	10% IVE	Total
66.800,00 €	6.680,00 €	73.480,00 €

formalizandose o contrato administrativo para a execución do servizo o 15 de xullo de 2022.

Visto que no antedito expediente depositouse para o Lote 1 unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 25 de maio de 2022 por importe de 1.700,00 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 0049-7686-02-2110000167), depositado na Tesourería municipal con data de 30 de maio de 2022 (núm. rexistro 1077).

Visto que no antedito expediente depositouse para o Lote 2 unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 25 de maio de 2022 por importe de 3.340,00 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 0049-7686-02-2110000168), depositado na Tesourería municipal con data de 30 de maio de 2022 (núm. rexistro 1076).

Visto o escrito presentado por Don Roberto Villarnovo Suarez, segundo di, en representación da empresa "Hebe Sport, S.L.", con data de 11 de novembro de 2024 (núm. de rexistro de entrada 202499900007190) no que solicita a devolución das garantías depositadas para os Lotes 1e 2 para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara de data 19 de novembro de 2024, (CVD: cqB782YGWY00yhpW0q7M) que, entre outras cousas, di:

"(...)

Visto que o 14 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicou do contrato de servizos para a organización de campamentos de verán para nenos/as e mocidade promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga no 2024 á empresa Hebe Sport, SL nas seguintes cantidades:

Lote	Prezo unitario	Prezo unitario con IVE	Prezo total co máx. 50 pax (sen IVE)	Prezo total co máx. 50 pax (co IVE)
1 (pequenos)	340,00 €	374,00 €	17.000,00 €	18.700,00 €
2 (maiores)	668,00 €	734,80 €	33.400,00 €	36.740,00 €

Visto que o contrato xa rematou e que a entidade adxudicataria cumpriu satisfactoriamente o seu cometido

Polo tanto, tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante, como responsable do contrato, fai constar:

- que non se formula obxección algunha, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída polos importes:*
 - o Lote 1 (campamento pequenos), de 1.700,00 euros.*
 - o Lote 2 (campamento maiores), de 3.340,00 euros*

(...)"

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR DEVOLUCIÓN GARANTIA SERVIZO DE ORGANIZACIÓN de Campamentos de Verán para nenos e xóvenes promovidos polo departamento de Xuventude-LOTE 1 e LOTE 2 / 2025** emitido pola Interventora Municipal de data 27 de maio de 2025, (CVD: H+d/i6yRxkTAVaGfFKVX), de carácter favorable, no que entre outras cousas di:

“(…)

III) CONSIDERACIONES

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”*

Segunda: O prazo de garantía

O artigo 111.1 LCSP determina que: *“La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”*

A cláusula 27 das dos PCA (CVD: NwVW1Hf2vFZoMge4tc7v) dispón que:

“27. Recepción y plazo de garantía..

El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

El contrato tendrá un plazo de garantía de tres meses a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista que los enmiende.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

La garantía depositada le será devuelta al contratista conforme lo establecido en el artículo 111 de la LCSP.”

De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prazo de duración do contrato establecéuse en dous anos a contar desde o primeiro día do período vacacional seguinte á formalización do mesmo ata o período vacacional de Verano de 2024, incluído. Así pois, sendo un contrato de tracto sucesivo os últimos servizos prestados ao abeiro do mesmo correspóndense coas facturas:

- *Nº 1 000016. Servizo de campamentos promovidos polo departamento de xuventude do Concello de Cambre (Lote 1) no camping Playa Pasisaxe O Grove do 2-7 xullo 2024 respecto da cal, consta a conformidade da alcaldesa e do responsable do contrato de data 16.09.2024 (CVD: ahh6N/461oxPdMd/coPG) así como informe favorable deste último (CVD: Jjko2aGf5EuyoeOHM338).*
- *Nº 1 000017. Servizo de campamentos promovidos polo departamento de xuventude do Concello de Cambre (Lote 2) no camping Playa Paisaxe O Grove do 13-24 xullo 2024 respecto da cal, consta a conformidade da alcaldesa e do responsable do contrato de data 13.09.2024 (CVD: r5P+TZVlaLSf8Y8cFTGa) así como informe favorable deste último (CVD: wcY2mQb3V2HklAhaAUJd).*

Terceira: O informe asinado o 19.11.2024 (CVD: cqB782YGWY00yhpW0q7M) polo coordinador de actividades culturais e educativas.

De conformidade có informe asinado 19.11.2024 (CVD: cqB782YGWY00yhpW0q7M) polo coordinador de actividades culturais e educativas.:

“(…/…)Visto que o contrato xa rematou e que a entidade adxudicataria cumpriu satisfactoriamente o seu cometido

Polo tanto, tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante, como responsable do contrato, fai constar:

-que non se formula obxección algunha, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída polos importes:

o Lote 1 (campamento pequenos), de 1.700,00 euros.

o Lote 2 (campamento maiores), de 3.340,00 euros. (.../...)"

Cuarta: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ *O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.*
- ✓ *A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista*
- ✓ *A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución*
- ✓ *A garantía non foi incautada por resolución do contrato*
- ✓ *Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes*

IV) CONCLUSIONS

*Infórmase **favorablemente** a devolución dos avais constituídos por Hebe Sport, SL por importe de 1.700,00 € e de 3.340,00 para garantir, respectivamente, a execución dos Lotes 1 e 2 no contrato de servizo de Organización de Campamentos de Verán para nenos e xóvenes promovidos polo departamento de Xuventude (EXPEDIENTE 2021/C004/000028).*

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)"

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída pola entidade Hebe Sport, S.L., con CIF B15890809, para o Lote 1 "Campamento pequenos" do contrato para o servizo de "Organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga a 2024" por importe de 1.700,00 euros no expediente número 2021/C004/000028.

Segundo: Devolver a garantía definitiva constituída pola entidade Hebe Sport, S.L., con CIF B15890809, para o Lote 2 "Campamento maiores" do contrato para o servizo de "Organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga a 2024" por importe de 3.340,00 euros no expediente número 2021/C004/000028.

Terceiro: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de xuño de 2025 (CVD: FgstDZ+j/3nEFg2aNJdm), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.3. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA PARA SUBSCRICIÓN DUNHA “PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE CAMBRE” – EXPEDIENTE NÚM. 2020/C006/000006

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de xuño de 2025 (CVD: DP9NYAUm0uZx0jfEecY/), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 28 de xaneiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar o contrato para a subscrición dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social”, no importe da prima anual ofertado de 1.442,76 euros (exento de IVE). Exp. 2020/C006/000006, formalizándose o contrato administrativo para a execución do servizo o 29 de xaneiro de 2021.

Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e tres acordou prorrogar por un ano e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito coa entidade “Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social”, dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre” (Expediente 2020/C006/000006).

Visto que no antedito expediente depositouse pola empresa adxudicataria unha fianza definitiva en metálico en data 21 de decembro de 2020 por importe de 72,14 € (núm. de rexistro 976).

Visto o escrito presentado por Don Francisco Le-Senne Cotoner, segundo di, en representación da empresa “Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social”, con data de 9 de maio de 2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900002656) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo Axente de Protección Civil do concello de Cambre, don Manuel José Varela Souto de data 22 de maio de 2025, (CVD: Qv52vD/bOomf/0/Zxgia) que, entre outras cousas, di:

“(…)

Tendo transcurrido prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

Que por parte do informante non se formula ningunha obxeción, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída, polo importe de 72,14 euros

(…)”.

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REF: LMR DEVOLUCIÓN GARANTÍA EXPEDIENTE 2020/C006/000006/ 2025**, emitido pola Interventora Municipal de data 27 de maio de 2025, (CVD: Dto/fqld/IDe6D7dd0jy), de carácter favorable, no que entre outras cousas di:

“(…)”

III) CONSIDERACIONES

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

Segunda: Recepción e prazo de garantía

O artigo 305.4 LCSP determina que: “Terminado el plazo de garantía sin que la Administración haya formalizado alguno de los reparos o la denuncia a que se refieren los apartados 1 y 3 de este artículo, el contratista quedará exento de responsabilidad por razón de los bienes suministrados”

A cláusula 27 das dos PCA que rexeron a contratación dispón que:

“27. Recepción y plazo de garantía.

El contrato tendrá un plazo de garantía de tres meses desde la finalización del contrato, período que se mantendrá siempre y cuando finalizado el contrato no hubiese siniestro alguno pendiente de tramitación o indemnización, y sin perjuicio de la responsabilidad del contratista en los términos señalados en la legislación reguladora del contrato de seguro de aplicación.

Si al término del plazo de garantía quedase algún siniestro pendiente, dicha garantía se ampliará hasta la resolución del correspondiente expediente.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva..”

Terceira: O informe asinado o 22.05.2025 (CVD: Qv52vD/bOomf/0/Zxgia) polo Coordinación en funcións do Servizo de Emerxencias e Protección Civil

O informe asinado o 22.05.2025 (CVD: WZ1riOD6B0H/SFgxqZaH) polo Coordinación en funcións do Servizo de Emerxencias e Protección Civil é favorable á devolución e exprésase nos seguintes termos :

“(…)Tendo transcurrido prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

Que por parte do informante non se formula ningunha objeción, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída, polo importe de 72,14 euros (...)”

Quinta: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afectada o cumprimento das penalidades impostas ao contratista

- ✓ *A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución*
- ✓ *A garantía non foi incautada por resolución do contrato*
- ✓ *Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes*

IV) CONCLUSIONS

*Infórmase **favorablemente** a devolución da garantía por importe de 72,14 depositada por Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social correspondente á “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre” (Expediente 2020/C006/000006)*

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe

(...)”.

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída pola entidade Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social, con CIF V07103419, por importe de 72,14 euros do contrato para a subscrición dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre” (Expediente 2020/C006/000006)

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de

xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de xuño de 2025 (CVD: DP9NYAUm0uZx0jfEecY/), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 13 ao 20 de xuño de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 581/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 639/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
581/2025	13-06-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 17 de xuño de 2025, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello,
582/2025	13-06-2025	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos do concurso-oposición para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración Xeral interinos; designar o tribunal; e fixar o lugar, día e hora de celebración do 1º exercicio da fase de oposición.
583/2025	16-06-2025	Autorizar a transmisión do dereito de uso da urna perimetral sinalada co número 18, letra B no cemiterio municipal de Cambre a prol de dona MTB con DNI ***6549**. Inscribir no libro rexistro historial de nichos do cemiterio municipal de Cambre a transmisión da titularidade. Aprobar a liquidación da taxa devindicada pola autorización concedida, xa aboada no momento da solicitude.
584/2025	16-06-2025	Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal de tres peóns para a brigada de limpeza de faixas secundarias, subvencionados por resolución de 15 de maio de 2025 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural “APROL Rural” no exercicio de 2025. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria.
585/2025	16-06-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de don EGR, con DNI ***8076**, falecido o 21 de maio de 2025, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 84 letra B no cemiterio municipal de Cambre, en data 23 de maio de 2025. Aprobar a liquidación da taxa xa aboada e inscribir no libro rexistro historial de nichos a inhumación realizada.
586/2025	16-06-2025	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106

		da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. formulando a seguinte proposta de resolución: Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal
587/2025	16-06-2025	Corrixir a resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente núm. 313/2025, de data 3 de abril de 2025, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de xeito que todas as referencias á finca sita en Pena, Cela (San Xiao) Referencia catastral ____N0001YE e ás árbores que están a afectar a infraestruturas de iluminación pública á marxe do camiño de titularidade municipal (1C.1.0183) contidas en tal resolución deben entenderse realizadas á finca sita no lugar de Fraís a Sobreguexe, s/n, Cecebre (San Salvador) Referencia catastral ____10000MA e á poda das árbores que están a afectar a infraestruturas de iluminación pública á marxe do camiño de titularidade municipal (1C.1.0237), tal e como resulta da documentación incorporada ao expediente.
588/2025	16-06-2025	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCULTURALES prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. formulando a seguinte proposta de resolución: Declarar a nulidade do acto administrativo
589/2025	16-06-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de maio de 2025 por importe de 52.422,54 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 52.422,54 euros. no concepto non orzamentario "20001 I.R.P.F. RETENCIÓN DE TRABAJO PERSOAL".
590/2025	16-06-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 12/07/2024 e con número de rexistro de entrada 202400300000496 a AAAC, destinada ao pagamento do recibo de alugueiro correspondente ao mes de maio de 2024 por importe de 236,89 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza.
591/2025	16-06-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 09/12/2024 e con número de rexistro de entrada 202400300000808 destinada ao pagamento dun de alugueiro correspondente ao mes de xaneiro de 2025 por importe de 235,99 euros a MMRM, segundo

		o artigo 7 da ordenanza
592/2025	16-06-2025	Denegar a UFD Distribución Electricidad, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 72 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica para uso agrícola na finca sita no lugar de Outeiro, parroquia de Brexo, segundo o proxecto técnico que se achega redactado pola enxeñeira técnica industrial SCP (proxecto núm. 618124060095), toda vez que na citada parcela non existe licenza nin título habilitante ningún para o exercicio dunha actividade agrícola, de xeito que non resulta xuridicamente viable a concesión dunha licenza municipal para o tendido dunha liña subterránea eléctrica de baixa tensión destinada a usos agrícolas cando non existe un uso agrícola debidamente legalizado.
593/2025	16-06-2025	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao primeiro trimestre de 2025, no que constan 12.787 recibos por un importe de 690.766,92 euros. Expoñer ao público os datos do padrón polo prazo de 15 días, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. Establecer o período de cobramento en período voluntario dende o 15/07/2025 ao 15/09/2025
594/2025	16-06-2025	Considerar desistido a FJSL da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 03/05/2025 e número de rexistro de entrada 202599900002523 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
595/2025	16-06-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 19 de xuño de 2025, ás 11:00 horas,
596/2025	16-06-2025	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe de intervención LMR - providencia - facturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2025/T003/001622 de data 22 de maio de 2025, tendo en conta o informe emitido polo técnico en promoción económica interino de data 02.06.2025, e aprobar a factura F/2025/1277, de data 07/04/2025, por importe de 7.217,65 euros.
597/2025	16-06-2025	Non acceder ao solicitado por dona MDPL en data 31 de maio de 2025, con nº de rexistro 202599900003199, polos motivos expostos no informe da secretaria xeral de data 13 de xuño de 2025, transcrito na parte expositiva da resolución.
598/2025	16-06-2025	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, LIÑAS ADSL, LIÑAS RSDI, ACCESO A INTERNET, INCIDENCIAS E AVARÍAS prestado pola empresa TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.

		formulando a seguinte proposta de resolución: Declarar a nulidade do acto administrativo
599/2025	18-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de decembro de 2025
600/2025	18-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 30 de novembro de 2025
601/2025	18-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de outubro de 2025
602/2025	18-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 30 de setembro de 2025
603/2025	18-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de decembro de 2024
604/2025	18-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de outubro de 2024
605/2025	18-06-2025	Rectificar o punto quinto dos acordos da Resolución da Alcaldía núm. 286/2025, do 26 de marzo de 2025 (erro detectado na transcripción do importe da taxa aboada pola concesión do dereito de uso de urna e licenza de apertura)
606/2025	18-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e

		confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de setembro de 2024
607/2025	18-06-2025	Aprobar o convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos co Concello de Culleredo que se transcribe a continuación: CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS PARA A UTILIZACIÓN MÁIS RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS
608/2025	18-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de novembro de 2024
609/2025	18-06-2025	Aprobar a realización “Programa Mañanceiro” no curso escolar 2025-2026 e as súas condicións de desenvolvemento:
610/2025	18-06-2025	Rectificar o punto primeiro dos acordos da Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo número 591/2025, do 16 de xuño (corrección de erro no 2º apelido da solicitante)
611/2025	18-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de agosto de 2024
612/2025	18-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de agosto de 2024
613/2025	18-06-2025	Conceder a EGJ a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente,

		unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
614/2025	18-06-2025	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico (Nº de expedientes: 5. Total importe principal: 880,00 euros)
615/2025	18-06-2025	Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, SL.
616/2025	18-06-2025	Dar acceso a dona MDPL ao expediente de contratación 2024/C003/000007 correspondente á obra "Reposición de césped sintético del campo de fútbol municipal de Lendoiro y mejora de la iluminación en los campos de Lendoiro y Dani Mallo. Cambre"
617/2025	19-06-2025	Comparecer no procedemento abreviado PA 125/2025 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial (demanda interposta pola representación procesal de BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas SL
618/2025	19-06-2025	Aprobar facturas e gastos por importe de 2.054,05 euros.
619/2025	19-06-2025	Conceder a MELC a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
620/2025	19-06-2025	Aprobar, con efectos do 1 novembro, a relación de 4 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 no mes de novembro
621/2025	20-06-2025	Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + ADICIONAL 2/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025
622/2025	20-06-2025	Dar de baixa o recibo seguinte que se incluíu no padrón da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal 2024, por incorrer nun erro nos datos identificativos do obrigado tributario, NIF, así como todas as actuacións posteriores derivadas do mesmo. Dar de Baixa no padrón fiscal da Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal por falta de datos identificativos do obrigado tributario.
623/2025	20-06-2025	Dar de baixa os recibos que se incluíron nos padróns fiscais aprobados da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas

		e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, anualidades 2018 a o 2024, non prescritos, emitidos polo Obxecto tributario: vao laboral FRANCISCO RODRIGUEZ, 1 - TEMPLE; número fixo 503000414928; importe anual: 195,00 euros, así como todas as actuacións posteriores derivadas dos mesmos, por terse aprobado por resolución de alcaldía do día 17 de decembro de 1998, tomar coñecemento da renuncia á licenza e do pechamento da actividade, e non realizarse o feito impositivo da taxa, procedendo a baixa no padrón fiscal da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
624/2025	20-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de maio de 2025
625/2025	20-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de maio de 2025
626/2025	20-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 30 de abril de 2025
627/2025	20-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de abril de 2025
628/2025	20-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de marzo de 2025
629/2025	20-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e

		confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de marzo de 2025
630/2025	20-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 28 de febreiro de 2025
631/2025	20-06-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2025
632/2025	20-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 28 de febreiro de 2025
633/2025	20-06-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2025
634/2025	20-06-2025	Aprobar a liquidación do orzamento de 2024
635/2025	20-06-2025	Considerar desistido a IUP, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 06/05/2025 e núm. de rexistro de entrada 202500200000516, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
636/2025	20-06-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para recibo de alugueiro, solicitada con data 15/07/2024 e con número de rexistro de entrada 202400300000510 a JPR, por non cumprir o requisito establecido no artigo 7 de estar os conceptos perfectamente detallados e desagregados e en ningún caso ser incluídos gastos de comunidade, limpeza de escaleiras ou outros

		relativos a bens comúns.
637/2025	20-06-2025	Levantar, ao abeiro do informe asinado o 05.06.2025 polo auxiliar de Réxime Interior coa conformidade da xefa da Unidade de Réxime Interior, os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no seu informe referencia LMR – providenciafacturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2025/T003/001951 de data 18 de xuño de 2025, entre outras, en relación ás facturas núm. 25 2446, núm. 25 4928 e núm. 25 4854 emitidas por LANDIN INFORMATICA, S.L. Aprobar as facturas por importe total de 1.499,52 euros
638/2025	20-06-2025	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 26 de xuño de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas
639/2025	20-06-2025	Modificar a orde do día da convocatoria do Pleno ordinario a celebrar o vindeiro xoves 26 de xuño de 2025, ás 11:00 horas

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á adxudicación do contrato da obra denominada “*mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2022”. Expediente TEDEC núm. 2022/C003/000021

A Sra. presidenta intervéñe e manifesta a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de acelerar a adxudicación do contrato ao tratarse dunha obra incluída no POS+ Adicional 2/2022.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade.

PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA DENOMINADA “MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE Y OTROS”, OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022”, EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2022/C003/000021

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de xuño de 2025 (CVD: SebvubCB6phUob/Jsuff), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto o expediente de contratación núm. 2022/C003/000021 tramitado para a contratación da obra denominada “*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2022”

Visto que a Mesa de Contratación, en sesión celebrada o 6 de febreiro de 2025 (CVD: pdu17KbykSvIIIMYQP2v) formulou proposta de adxudicación a prol da entidade “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”.

Visto o informe de Secretaría de data 15 de xuño de 2025 (CVD: y6/EnEtKCnXMEWWWhDudn) que, entre outras cousas, di:

«(.../...) Á vista do anterior a xuízo da que subscribe, e dende o punto de vista da normativa de contratación , informase favorablemente a adxudicación do contrato, se ben, á vista do sinalado polo enxeñeiro de obra pública interino no informe de data 2 de xuño de 2025, con carácter previo ao inicio da execución da obra debe contar o Concello co seguro de responsabilidade civil.»

Visto o informe de fiscalización previa da adxudicación emitido pola interventora municipal en data 23 de xuño de 2025 (CVD: Htf2ARMVJzBG73MpPtD2)

«(.../...) [**X**] Fiscalizado **coas seguintes observacións**:

- **X*.A:** no expediente tedec número 2022/A008/000041 consta notificación da resolución da Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña número 2024/49689 de 03.12.2024 na que se indica que “(...) o prazo máximo para a execución dos investimentos remata o 30 de novembro de 2025, aínda que este prazo poderá prorrogarse ata o 30 de novembro de 2026 para o caso daqueles investimentos que o 30 de novembro de 2025 estean aínda pendentes de rematar por causas non imputables ao concello, sempre que estivera iniciada a súa execución (...)”. Polo tanto, a existencia de crédito axeitado e suficiente queda condicionada ao cumprimento da premisa anterior.
- **X*.B:** os reparos emitidos no meu informe referencia “MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE BRIVES, CECEBRE Y OTROS “POS+ ADC2a_2022 A/2024, asinado o 04.06.2024 (CVD: OHIIIRIoPp3/O+I6UGOEz) foron solventados có informe técnico do 23.01.2025 (CVD: YrXevuxDq0g7kk8U7Szr)

(.../...)»

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Admitir as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan:

- ALVAC S.A.
- CANARGA, S.L.
- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L
- COSMALCA, S.L.

- CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.
- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.
- PAVALCO OBRA CIVIL, S.L.
- SONDEOS PORZUNA, S.L.

Segundo.- Outorgar ás ofertas presentadas a seguinte puntuación, resultando que se atopan en presunción de ser anormalmente baixas as ofertas inferiores a 359.862,17 € (sen IVE):

Orde	Nome Empresa	Prezo		Puntuación Val. económica	Temeraria
		Sen IVE	IVE incluído		
1º	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	351.495,24 €	425.309,24 €	32,67	Sí
2º	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	356.068,46 €	430.842,84 €	27,02	Sí
3º	CTNES.J. MAURI E HIJOS, S.L.	357.958,22 €	433.129,45 €	24,69	Sí
4º	SONDEOS PORZUNA, S.L.	359.470,03 €	434.958,74 €	22,82	Sí
5º	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	360.603,88 €	436.330,69 €	21,42	No
6º	ALVAC, S.A.	368.238,52 €	445.568,61 €	11,99	No
7º	PAVALCO OBRA CIVIL, S.L.	369.107,81 €	446.620,45 €	10,92	No
8º	CANARGA, S.L.	372.280,99 €	450.460,00 €	7,00	No
9º	COSMALCA, S.L.	376.251,09 €	455.263,82 €	2,10	No

Terceiro.- Excluir do procedemento ao licitador “Eulogio Viñal Obras e Construcciones, S.A.”, isto ao non contestar dentro do prazo concedido para o efecto ao requirimento de documentación xustificativa da súa oferta incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, o que se considera renuncia de acordo coa cláusula 15.6 do PCAP.

Cuarto.- Excluir do procedemento aos licitadores “Ctnes. J. Mauri e Hijos, S.L.” e “Sondeos Porzuna, S.L.”, ao non xustificar adecuadamente as súas ofertas con valores anormalmente baixos, isto de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, con data 23 de xaneiro de 2025 (CVD: SwAJHQXYeDYP09crXjmA).

Quinto.- Adxudicar o contrato da obra denominada “*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2022”, expediente TEdC núm. 2022/C003/000021, á entidade mercantil “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, no prezo ofertado de 356.068,46 euros, sen IVE (430.842,84 euros, IVE incluído).

Sexto.- Designar director de obra ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, que exercerá, así mesmo, as facultades de responsable do contrato, isto de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo.- Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar o acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

Oitavo.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, á interventora municipal e ao director de obra/responsable do contrato, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 23 de xuño de 2025 (CVD: SebvubCB6phUob/Jsuff), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e once minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo